


GUÍA AMBIENTAL

AS ÁRBORES DE ARTEIXO




medioambiente
Concello de Arteixo

www.arteixo.org

Publicacións Ambientais

**AS ÁRBORES MÁIS COMÚNS
DO CONCELLO DE ARTEIXO**

Descrición do biotopo de Arteixo.....	3
Definición de árbore. Partes dunha árbore.....	5
Funcións das árbores.....	7
Árbores de ribeira.....	9
Árbores do bosque galego.....	11
Repooboacións.....	21
Especies invasoras.....	25
Teléfonos de interese.....	26
Bibliografía recomendada.....	27



EDICIÓN: Medio Ambiente. Concello de Arteixo.
 AUTOR DOS TEXTOS: Suso Cedeira
 ILUSTRACIÓNS: Mariana Roura Sánchez
 SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA: María Rozamontes.
 MAQUETACIÓN: Medio Ambiente. Concello de Arteixo.

Depósito legal: C-531-2007

Guía Ambiental. As árbores de Arteixo. As árbores máis comúns do Concello de Arteixo.

Castro, Marisa - Freire, Luis - Prunell, Antonio (1989)
Guía das árbores de Galicia.
 Edicións Xerais.

Cedeira Cedeira, Xesús (1997)
Guía das árbores do Concello de Arteixo.
 Concello de Arteixo

Domínguez Lerena, Susana - Martínez Rodríguez, Ezequiel (2003)
Os segredos das árbores.
 Consellería de Medio Ambiente, Centro de desenvolvemento Sostible e Unión Fenosa.

Leiro, Adela - Daporta, Mon (2005)
Enciclopedia temática ilustrada, tomo 12- As Árbores
 A Nosa Terra

Leiro, Lois e outros (2006)
Arbores de Galicia.
 A Nosa Terra

Niño Ricoi, Henrique - Silvar, Calros (1997)
Guía das árbores de Galicia.
 Edicións Bahía

Silva-Pando, Francisco J. - Rigueiro Rodríguez, Antonio (1992)
Guía das árbores e bosque de Galicia.
 Editorial Galaxia

V.V.A.A. (1997)
¿Qué árbol es?
 Susaeta Edicións

Concello de Arteixo. Medio Ambiente

Tel: 981641817

Fax: 981641815

Concello de Arteixo: 981600009

e-mail: correo@arteixo.org

Policía Local do Concello de Arteixo: 981600060

Servizo de Medio Ambiente Natural da Coruña

Praza de Luís Seoane, s/n- 5ª planta, 15008 A Coruña

Tel: 981 184654

SEPRONA (Servizo de Protección da Natureza)

Tel: 981167830

Emerxencias SOS-Galicia: 112

Servizo Incendios (Xunta de Galicia): 085

Arteixo está situado ao Noroeste da Península Ibérica. Ten unha extensión de 9.350 hectáreas. Linda ao norte co Océano Atlántico e ao norleste co Concello da Coruña, ao sur e suroeste co Concello da Laracha e ao leste co Concello de Culleredo. O perímetro de costa é de 24 Km.



Arteixo ten tipificado un clima oceánico -húmido. O efecto regulador que o mar exerce sobre as temperaturas fai que estas non sexan especialmente baixas en inverno nin altas no verán. No período que vai do ano 2000 ao 2005 a temperatura

media rexistrada foi de 13,4 °C, sendo a media das máximas de 18,6 °C e a media das mínimas de 8,35 °C. A precipitación media anual foi de 1127 mm. A humidade relativa varía entre o 70 e o 90 %. O numero de días despexados oscila entre 40 e 50 e os días anubados superan os 140.

Solos

No concello desenvólense sobre varios tipos de rochas: xistos, granitos, granodioritas, gneíses, gabros, etc. Xeralmente son de carácter ácido, debido á carencia de calcio, e non demasiado fértiles. No fondo dos vales, pola acumulación de materiais aluviais, tenden ao asolagamento o que condiciona o tipo de vexetación.

Hidroloxía

O relevo de Arteixo presenta un lixeiro declive de sur a norte, descubríndose tres cuncas hidrográficas percorridas polos ríos Sisalde, Bolaños e Seixedo e os seus respectivos afluentes.


Cando unha especie non propia dun lugar se asenta nel podendo chegar a desprazar as especies autóctonas podemos afirmar que estamos ante un caso de bioinvasión.

As especies invasoras adaptación ao clima e ao solo da zona e os inimigos cos que se atopan - patóxenos, depredadores e competidores - son escasos ou nulos. É así como poden espallarse con facilidade constituíndo un risco para as demais. Eucaliptos e mimosas son bos exemplos.




Mimosa (mimosa) *Acacia dealbata* Link.

Orixinaria do sureste de Australia e de Tasmania, introduciuse como planta ornamental e para fixar os noiros nas vías do ferrocarril e, pouco a pouco, foise estendendo constituíndo nalgúns lugares unha auténtica praga moi difícil de erradicar por mor de que as cepas xenan moi fácil e as sementes xerminan moi ben tralos incendios. As follas son compostas e perennes. As flores, de cor amarela intensa e forte arrecendo, aparecen no mes de xaneiro cubrindo toda a planta. Úsanse como engalano no Entroido e mesmo nas casas aínda que non é recomendable por causar dor de cabeza. É normal encontralas formando grupos en zonas baldías e beiras de camiños.



outras plantas non poden e zuga grandes cantidades de auga gracias ás súas potentes raíces, podendo chegar a empobrecer e acidificar o solo e a secar pozos, fontes e mananciais. O seu potencial reprodutor é moi alto: produce un elevado número de sementes que prende moi fácil, incluso despois dos lumes. Ademais, despois de cortala, axiña saen varios fillos de cada cepa. O único freo son as xeadas, e desde hai uns anos un escarabello defoliador, o gonipterus, está a causar importantes estragos. A madeira é forte e densa, resistente á humidade. Principalmente emprégase para obter pasta de papel. Os exemplares máis vellos son excelentes para tarimas e parqués. As follas, ricas en aceites esenciais, úsanse para caramelos e bafos para as catarreiras. As flores renden un excelente mel. O eucalipto é unha árbore ideal para plantar en solos de pouco fondo e pobres evitando así a súa erosión. No noso concello é a árbore máis abundante.



Árbore: planta leñosa cun talo simple, xeralmente ramificado a partir dunha certa distancia do solo para formar unha copa.

Arbusto: planta leñosa de dimensións máis pequenas que unha árbore onde o talo se ramifica desde a base.

Raíces: é a parte da árbore que está soterrada. Crece en sentido contrario ao toro. Fixa a planta ao solo e absorbe a auga e os elementos nutritivos do mesmo.

Toro: une as raíces co aparato foliar da árbore. Dise da porción do talo que non ten pólas vivas e sobre a que se asenta a copa.

Póde ser:

•**Monopódico:** árbore onde domina o fuste principal, crescendo en altura ano tras ano.

•**Simpódico:** o toro, chegada unha certa altura, ramifícase en pólas terminais simulando a forma dun abano.

Follas: órganos especializados na fotosíntese e na transpiración.

Flores: Son o conxunto de follas transformadas que desempeñan a función reprodutora. Os órganos reprodutores masculinos son os estames e os femininos son os carpelos que teñen os óvulos dentro.


Froito: É o produto da transformación do ovario e, ás veces, doutras partes da flor. Dentro leva a semente, que é o ovulo fecundado e maduro.

Piñeiro insigne, piñeiro de repoboación
(Pino de Monterrey)

Pinus radiata D. Don

Orixinario da rexión de Monterrey, estado de California (EEUU), estase a utilizar moito nas repoboacións desde hai uns 60 anos debido ao seu rápido crecemento.

A súa madeira é de mala calidade pero pouco resinosa polo que é moi demandada para celulosa e taboleiros. No concello a súa poboación vai en aumento. As follas van en grupos de 3 sendo máis finas, flexibles e dun verde máis intenso cás do piñeiro do país. As pinas tamén son máis pequenas.



Eucalipto, alcolito, arcolito (eucalipto)

Eucalyptus globulus Labill.

Árbore de gran porte orixinaria de Australia e introducida por Frai Rosendo Salvado en Galicia no 1860. Florece nos meses de inverno, coa particularidade de que as pólas aquéndanse para facelo. Medra moi rápido debido a que aproveita nutrientes que

en importancia forestal do concello, pero a moita distancia do eucalipto.

Ten a copa moi irregular, casca formada por placas normalmente tinxidas polo lume e follas aciculares agrupadas de dúas en dúas. Das polas é frecuente ver penduradas unhas bolsiñas: son os “ñiños” das eirugas da procesionaria, bolboreta que en forma de praga provoca importantes danos na árbore. As sementes son os piñóns, provistos dunha á para seren dispersados polo vento. Atópanse no interior das pinas. A madeira é de mala calidade e con moita resina, polo que arde rapidamente durante os incendios.

Emprégase como leña, para facer caixas e postes e para obter pasta de papel. As pinas usábanse, e úsanse, para acender o lume en lareiras e cociñas de ferro. Mulleres de certas parroquias, como Loureda, ían nos cabalos vendelas á Coruña. Eran as *pineiras*.



Dentro dun ecosistema todos os elementos desempeñan varias funcións perfectamente definidas contribuíndo ao sustento harmonioso e equilibrado do mesmo. Entre as funcións máis importantes que realizan as árbores podemos salientar as seguintes:

Son organismos fotosintetizadores. Xuntan o CO₂ coa auga, e coa axuda da luz, fabrican materia orgánica e desprenden osíxeno purificando o aire

Regulan o clima. Mediante a transpiración bombeian vapor de auga á atmosfera elevando a humidade - o que favorece a formación de nubes e as precipitacións- e rebaixando a temperatura. A cuberta vexetal impide oscilacións térmicas fortes e que a auga do solo se evapore

Protexen o solo da erosión. As raíces atrapan as partículas impedindo que sexan arrastradas pola auga e polo vento. A follaxe frea o impacto da chuvia e as correntes de aire

Participan na formación do solo. Achegan materia orgánica -indispensábel para unha boa estrutura- e coa potencia das raíces axudan a desfacer as rochas. Ademais, ao irse descompoñendo, liberan nutrientes incrementando a fertilidade

Absorben os ruídos. A existencia de vexetación fai máis tranquilos os lugares

Recursos como leña, madeira, mel, resina, carbón vexetal, medicinas, papel, tintes, aceites, cortiza, caucho, froitos e sementes ... procedentes delas, convértenas nunha importante fonte de riqueza

Serven de refuxio a moitos organismos

Bosques e parques son excelentes lugares de lecer

Forman parte do patrimonio cultural dos pobos: contos e lendas dan fe

O seu valor científico é incalculábel

Desde tempos moi remotos o monte galego foi unha fonte inesgotable de riqueza cultural, paisaxística e económica. Con todo, a busca dunha maior produtividade e rendibilidade a curto prazo está a transformalo nos últimos anos, substituíndo as especies autóctonas por outras de crecemento máis rápido como o piñeiro ou o eucalipto. Estas dúas árbores teñen desigual acollida, sendo o eucalipto a máis custionada ambientalmente. Pero o problema non radica na introdución destas especies senón nas plantacións masivas que se están a facer -sobre todo de eucalipto- ocasionando unha perda importante de biodiversidade.

Piñeiro do país, piñeiro bravo, piñeiro galego (pino marítimo)

Pinus pinaster Aiton

Naturalizada en Galicia, crese que entrou desde Portugal no século XVIII. Crece rápido e gusta de solos areosos e ácidos. Vense empregando nas repofoacións desde hai 200 anos, pero sobre todo desde os anos 40. É a segunda árbore



Espiño albar, estripo, cambrón. (Espino albar, majuelo)

Crataegus monogyna Jack

Árbore pequena de crecemento lento, coa copa densa e ampla e as pólas moi enmarañadas e cheas de espiñas. Follas caducas e lobuladas. Flores hermafroditas e brancas. Froitos vermellos, como mazás pequerrechiñas, comestibles e moi ricos en vitamina C. Úsase como patrón para enxertar árbores froiteiras da súa mesma familia (pereiras, maceiras). Escasos exemplares espallados polo concello, sobre todo en lindes de fincas e á carón de valados.



20

Ameneiro, abeneiro, amieiro (aliso)

Alnus glutinosa (L.) Gaertner



É a árbore típica da beira dos nosos ríos e regatos, formando os chamados bosques galería. Os lugares onde abundan chámanse amenedos. As follas son simples e caducas, de forma redondeada, dando a impresión de ter o ápice cortado. As novas resultan pegañentas ao tacto. Estas árbores son fundamentais para a conservación dos sistemas fluviais. As súas raíces impiden que a auga marche coa terra das beiras dos cauces axudando a previr as enchentas. Certos fungos fixadores do nitróxeno do aire viven nelas formando uns vultíños chamados nódulos; coa súa actividade enriquecen o solo. A súa parte aérea dá sombra ao río mantendo fresca a auga, cousa que agradecen as troitas, ademais de ser onde viven e se alimentan numerosos insectos que lles serven de alimento a elas e a outros animais acuáticos. A súa madeira é branda e lixeira, doada de traballar, resistente á auga, polo que se utiliza para facer zocos e madeñas.



9





Salgueiro, salgueira (sauce)

Salix atrovirens Brot.

Salix alba L.

Arboriña de escasa altura, coas follas caducas de forma ovada.

Chaman a atención as flores femininas que se agrupan nunhas formacións parecidas a pequenas colas de coello. Hai pés macho e pés femia.

A madeira é pouco apreciada, pero da casca sacábase a salicina, base do ácido acetilsalicílico das aspirinas.

Gusta da humidade, sendo frecuente en sitios baixos, lindes, prados, beiras de camiños e corredoiras e formando parte da vexetación riparia. En Arteixo son moi abundantes.

Coas pólas das vimieiras, “primas” dos salgueiros, fanse cestas, cestos e paxes.



Salix alba



Salix atrovirens

Olmeiro, lamagueiro (Olmo)

Ulmus sp.




Especie de solos húmidos, de madeira dura e resistente. As

follas caducas, coa particularidade de terén a base do limbo asimétrica, son un excelente alimento para o gando.

A grafiose, enfermidade provocada por un fungo, tenlles causado moito dano.

En Arteixo é anecdótica, presente en lugares como o Igrexario de Loureda, no Atín, Candame, praciña da Baiuca ...



fritos con ás

Abruñeiro, bruñeiro, espiño, ameixeira brava (Endrino)

Prunus spinosa L.

Árbore pequena de folla caduca e pólas e talo espiñentos. Flores hermafroditas de cor branca e froitos coma ameixas pequenas, de cor azul escura ou negra. Chámanse abruños ou bruños e son de sabor amargo. Con eles fanse marmeladas e licores (caso do patxarán de Euskadi e Navarra).

En Arteixo o abruñeiro é escaso, quedando algúns exemplares en lindes, valados e sebes.



Castiñeiro (Castaño)

Castanae sativa Millar



Árbore lonxeva que pode chegar a durar máis de mil anos. Gusta de solos profundos e non aguanta o asolagamento. O seu toro pode chegar a quedar oco e seguir viva. As follas son caducas, alongadas e co bordo dentado.


As sementes (castañas) en grupos de 2 ou 3, están cubertas dun ourizo espiñento que cae e abre entre setembro e outubro. Foron a base da alimentación durante moitos anos até a chegada da pataca e o millo. As talas para obter madeira, a conversión do monte en terras de cultivo e as enfermidades do chancro e a tinta, provocadas por fungos, foron as principais causas da merma dos castiñeiros. Cada día son máis empregados nas repoboacións, habendo variedades híbridas de rápido crecemento e resistentes a enfermidades. A madeira é dura e resistente, moi apreciada en ebanistería e carpintería. As castañas comíanse, e cómense, cocidas con fiúncho ou nébeda, no caldo, con leite, asadas..., en almíbar, “ marrón glacé”.

Carballo, (roble)

Quercus robur L.



É a árbore sagrada dos celtas. Ao igual que os castiñeiros o seu crecemento é moi lento podendo durar até os dous mil anos. As follas son caducas e teñen a beira a xeito de entrantes e saíntes formando lóbulos, e na base presentan unhas aurículas características. O froito é a landra, moi empregada como alimento para os porcos. Os bugallos son uns vultos, a xeito de pelotías, que se observan nas pólas, formados como reacción fronte á posta dunhas nespras que despois se desenvolven dentro deles.



12

Biouteiro, sabugueiro, sabugo (saúco)

Sambucus nigra L.

Espallado por todo o concello, atopámolo á beira de ríos e regatos, terreos baldíos, formando parte de sebes, etc. Acada pouca altura. A copa é densa e arredondada. Talos novos e pólas teñen a médula (zona máis interna) esponxosa e branca. As follas, compostas e caducas, presentan un cheiro característico. As flores brancas, en grupos moi numerosos, dan paso a froitos coma uvas pequenas de cor negra brillante. A rapazada usaba as pólas ocas para facer tiratacos. Follas e flores van no ramo de San Xoán.



17

Freixo (fresno)

Fraxinus excelsior L.

Éspecie de crecemento rápido que medra en lugares frescos e en fondos e ricos en nutrientes, preferentemente á beira de ríos e regatos. As súas follas son compostas e caducas. Os seus froitos teñen dúas ás características.

unha
folla



A madeira é dura e resistente: con ela fanse mangos de ferramentas, xugos e eixes para carros. Tradicionalmente plantábanse a carón das casas por existir a crenza de que afastan os raios. En Arteixo quedan moi poucos.

bugallos




A excelente calidade da madeira fai que sexa moi apreciada en ebanistería, construción de barcos e toneis para viño e licores. Foi empregada para obter carbón vexetal e para as travesas das vías do tren. Arteixo debería estar cheo deles, xa que é o que lle corresponde ao noso clima e aos nosos solos pero realmente é escaso aparecendo en lugares apartados e beiras de camiños.

Cerquiño, cerqueiro (rebollo, melojo)

Quercus pyrenaica Willd.

Éspecie do mesmo xénero có carballo, pero de porte máis pequeno e de toro retorto e mal feito. As súas follas teñen os lóbulos claramente máis profundos, non teñen aurículas na base e son veludas e suaves ao tacto; durante o inverno permanecen murchas na árbore (marcescentes) até que na primavera comezan a saír as novas. O seu froito tamén é unha landra.



A súa madeira, de peor calidade cá do carballo, úsase como leña.

No noso concello son máis abundantes cós carballos sendo doado atopalos incluso polo medio de piñeiros e eucaliptos.

Loureiro (laurel)

Laurus nobilis L.

Árbore mediterránea que aquí presenta forma arbustiva, de follas perennes e coriáceas (coma se fosen de plástico), de verde moi escuro.

Hai plantas macho e plantas femia. O froito é coma unha oliva pequena, que ao madurecer pasa de verde a negro. Son símbolo de gloria e vitoria. Con eles fanse as coroas dos campións. A palabra bacharelato deriva das latinas “bacca” e “laurea”, nome de froitos e follas respectivamente. As teses doutorais cualifícanse “cum laudem” cando se lles quere dar o máximo recoñecemento. As follas son moi aromáticas usándose como condimento na cociña e para afumar os chourizos nas lareiras. As pólas lévanse a bendicir á igrexa o domingo de Ramos e logo gárdanse para que afasten as treboadas. Tamén se colocan na última placa das casas cando se remata de botala.

Os loureiros agroman moi ben despois das cortas polo que se usan moito para as sebes das leiras, axudando a protexer os cultivos do vento. Precisamente esta é a localización máis común no noso concello, onde se atopan abundantemente.

14



Bidueiro, bidueira, bido (abedul)

Betula celtiberica. Rothm et Vasc.

Árbore que ten afinidade pola luz e polos solos ricos en auga. Aguanta ben o frío e rexenérase con facilidade despois dos lumes (pirófito). A casca é tipicamente abrancazada e as follas son caducas con forma de corazón. O seu pole causa moitas alerxias. A madeira é densa e branda e emprégase para facer zocas, trinchas, culleres, pratos para

o polbo, apeiros de labranza, xugos... Coas pólas máis finas téñense feito vasoiras. Hai exemplares soltos e escasos por todo o concello. Nas zonas baixas e preto dos regatos da parroquia de Monteagudo é onde máis abundan.



15

